PROXECTO INVENTOS GALEGOS

O LIBRO ELECTRÓNICO

Proxecto inventos galegos: O libro electrónico.

Índice

.....1
DESCRICIÓN DO INVENTO.....2
QUEN FOI A INVENTORA?.....3
OPINIÓN PERSOAL. Eu inventaría.....4

Proxecto inventos galegos: O libro electrónico.

DESCRICIÓN DO INVENTO.

Ao abrilo, consta de dúas partes. Á dereita atopábase un estoxo no que se gardaban as asignaturas. Estas estaban debaixo dunhas láminas de plástico transparente, que grazas á luz era posible ver.

Detrás das materias, tiñan un aparato que se movía a cada lado que permitía ler os libros en calquera lingua. Eran capaces de traducir todas as palabras dos libros! Estas podíanse parar en calquera momento para recoller o libro.

Na parte da esquerda tiña algo parecido ao que hoxe en día temos e chamamos tradutor. Na parte inferior destes, os alumnos tiñan algo moi útil para eles xa que lles permitía escribir, operar, debuxar... Isto era chamado un plástico.

No inferior dese “tradutor” normalmente atopábanse uns debuxos feitos con liñas, lineais.

Proxecto inventos galegos: O libro electrónico.

QUEN FOI A INVENTORA?

Esta inventora chamábase Ángela Ruíz Robles. Naceu en León o 28 de marzo do ano 1895. Faleceu en Ferrol o 27 de outubro do 1975. Esta muller foi moi importante xa que foi a inventora do primeiro libro electrónico.

Aos vinte e dous anos, foi a directora nun colexio da súa terra natal, é dicir, León. Aos vinte e tres, un ano despois, foi cara Ferrol e logrou ser directora dun centro chamado Ibáñez Martín.

Escribiu algún que outro libro sobre taquigrafía e ortografía, non foi isto o motivo polo que se fixo famosa senón polo libro electrónico. A primeira patente deste foi no 1949, co paso dos anos remodelárono no 1962. Esta gran inventora, trasladouse a Madrid, lugar onde tería máis medios para poder desenvolver este aparello. Actualmente atópase no MUNCYT, na localidade de A Coruña.

OPINIÓN PERSOAL. Eu inventaría...

O libro electrónico, dende o meu punto de vista, é un invento moi interesante do que se sacaron moitas cousas boas. Unha desas cousas, por exemplo, foi o pequeno aparello que tiña dentro que servía para traducir os textos que ti quixeras. Penso que grazas a isto, outra persoa foi capaz de inspirarse para obter o que temos hoxe en día, o tradutor.

O que eu inventaría sería unha “microestufa”. Trátase dun pequeno chip portátil que podes meter en calquera prenda de roupa. Habitualmente, usaríase sobre todo, no inverno para poñer no extremo interior dunha das mangas dun xersei, camiseta, suadoiro... Dende este punto da vestimenta, sería capaz de quentarse todo o resto. Funcionaría a través dunha aplicación do móbil na que poderías regular a temperatura na que quixeses que estivera a prenda.